

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O INSTITUTO OURENSÁN
DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO (INORDE) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE
DINAMIZACIÓN TURÍSTICA NA PROVINCIA DE OURENSE**

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a M^a Nava Castro Domínguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra, D. Rosendo L. Fernández Fernández en representación do INORDE e na súa calidade de Presidente, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren o artigo 12.2.a) dos estatutos do INORDE, aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004, publicados no BOP do 5 de outubro de 2004.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas.

EXPOÑEN

Primeiro.- Que de conformidade cos estatutos aprobados pola Corporación Provincial, na súa sesión do día 24 de setembro de 2004 e publicados no BOP do día 5 de outubro de 2004, o INORDE é un organismo autónomo de natureza administrativa, dependente da Deputación Provincial de Ourense, con personalidade xurídica propia e autonomía económica e administrativa para a realización dos seus fins.

Que de acordo cos estatutos do INORDE o obxectivo da entidade é a promoción, o desenvolvemento e mellora das condicións económicas e sociais da provincia de Ourense, dirixindo as súas accións de

O INORDE, como medio propio da Deputación Provincial de Ourense, será o organismo encargado da xestión e execución do presente convenio.

Segundo.- Que o artigo 148.1.18 da Constitución establece como competencias da Administración Xeral do Estado que poderán asumir as Comunidades Autónomas, a relativa á promoción e ordenación do turismo no seu ámbito territorial.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de Autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da Comunidade (artigo 27.21).

Que a Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades promoción do turismo.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia acomete, no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia. No exercicio das súas funcións, correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover o turismo na provincia de Ourense, as partes consideran esencial colaborar na execución deste convenio xa que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada por ambas partes e con beneficios conxuntos. Todo isto englobase ademais, no eido competencial da Axencia Turismo de Galicia, no seu programa 761A.

Terceiro.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza da provincia de Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico e consecuentemente, xerador de emprego e redistribuidor de riqueza.

Os obxectivos que se propoñen acadar a través deste convenio son:

- 1.- Desestacionalización da oferta turística.
- 2.- Elaboración e promoción de produtos turísticos centrados no termalismo e no deporte.
- 3.- Promoción de produtos turísticos en mercados de proximidade.

En consideración a todo isto, é vontade das partes asinantes a colaboración na xestión das actividades relacionadas, de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do Convenio.

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o INORDE para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que inclúa a realización das seguintes liñas de acción:

1. Actos de promoción internacional de "Ourense provincia termal" e potenciación do Centro de adestramento de remo Laias-Arnoia e Castrelo, no campionato Europeo de remo RACICE, Henley Royal Regatta e Copa do Mundo de remo de Lucerna. Viaxes, estancias, actos de promoción.
2. Instalación e equipamento da pista de adestramento de Laias con sistema de medición electrónica
3. Material promocional provincia de Ourense
4. Implantación e xestión do Plan director Centro de remo Laias-Arnoia e Castrelo CERLAC
5. Acondicionamento circuito BTT Molgas (Estación de FFCC)
6. Parque de caravanas Estación ferrocarril Vilavella (A Mezquita)
7. Circuito permanente de Gladiator Race en Lobios
8. Atención e mantemento dos centros de Interpretación da Estación de Anta Cruz, Peares e Baños de Molgas.

9. Promoción e comercialización dos produtos turísticos de Ourense Termal e Termalismo Deportivo da Provincia de Ourense

Todas elas son accións que teñen como obxectivo favorecer o coñecemento de Galicia como destino turístico de calidade a nivel interno e internacional reforzando as accións sobre os recursos con maior valor engadido para o sector turístico e que, ao mesmo tempo, favorezan a sustentabilidade, a desestacionalización e o reforzamento da marca.

Segunda.- Financiamento.

O orzamento estimado para a execución das actuacións recollidas na cláusula primeira ascende a cento corenta e catro mil euros (144.000,00 €), dos que a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia, achegará con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017 cen mil euros (100.000,00 €), que se imputarán á aplicación 04A2.761A.760.3, na que existe crédito adecuado e suficiente. Esta achega destinarase ao financiamento das devanditas accións conforme ao custe estimado no anexo I do convenio.

O orzamento necesario para completar a execución do resto de accións previstas será aportado polo Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) que realizará unha achega total de corenta e catro mil euros (44.000,00 €), financiada con fondos propios dos seus orzamentos para o ano 2017.

Terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia achegará para o desenvolvemento destas actividades a cantidade total de cen mil euros (100.000,00 €), que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do presente exercicio económico.

De acordo co artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Axencia Turismo de Galicia realizará a súa achega mediante **anticipo do 100% da mesma**, unha vez asinado o presente convenio.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o INORDE queda exonerada da constitución de garantía.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades. O Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico INORDE, é un organismo autónomo de carácter administrativo dependente da Deputación Provincial. O seu obxectivo é o desenvolvemento económico da provincia de Ourense, tendo en conta aspectos ambientais e sociais que contribúan ao desenvolvemento sustentable de toda a provincia. Os seus Estatutos, publicados no nº 231 do BOP de Ourense do 5 de outubro de 2004, establece entre outros obxectivos o de “impulsar o desenvolvemento do potencial turístico da provincia” (art. 3.f).

Así mesmo, o artigo 4.1. f) establece que para acadar os seus obxectivos o INORDE poderá “promover e establecer acordos técnicos e económicos de todo tipo de empresas, organismos, institucións, asociacións e expertos que poidan contribuír ao cumprimento dos obxectivos do INORDE” engadindo no punto 2 que “ para o exercicio das súas funcións, o INORDE disporá das mesmas potestades administrativas que a lei lle atribúe á Deputación”.

A sinatura dun convenio de colaboración co INORDE é a canle máis apropiada para asegurar un desenvolvemento turístico equilibrado na totalidade do territorio da provincia, garantindo así a eficacia e a eficiencia dos recursos dedicados á promoción turística. As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza provincia Ourense, contribúen á potenciación do territorio que configura o ámbito da mesma e á súa consolidación como destino turístico xerador de emprego e redistribuidor de riqueza. Ao mesmo tempo, dáse cumprimento ao establecido na liña estratéxica 6 do Plan Integral de Turismo de Galicia que no seu punto sexto establece a necesidade de establecer actividades de cooperación interadministrativas a través de convenios de colaboración deputacións provinciais.

Cuarta.- Compromisos do INORDE

- Diseñar, coordinar e executar todas as accións obxecto do presente convenio e poñer todos os medios técnicos e humanos necesarios para o desenvolvemento do mesmo e asumir os gastos de persoal e correntes que orixinen a posta en marcha das actividades.
- Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual, ..) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- Promocionar a “Marca Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración (folletos, publicacións e demais documentación).



- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.
- En ningún caso o importe das subvencións ás que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.
- No suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables o beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o cal concedeuse a subvención por un período mínimo de cinco anos en caso de bens inscribibles nun rexistro público, e de dous anos para o resto dos bens.
- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia.
- Facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, así como toda aquela requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das subvencións, de conformidade co artigo 40.1.h) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Dar o seu consentimento para a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial da Axencia Turismo de Galicia e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no



Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regula os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Quinta.- Xustificación dos investimentos

1. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no artigo 28 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e no artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, para o que o INORDE deberá presentar:
 - Informe ou memoria global sobre as actividades realizadas.
 - Certificación detallada dos gastos expedida pola intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para que foi concedida, na que se consignarán os importes executados e a relación de facturas correspondentes así coma o cumprimento do compromiso de recoñecemento de obriga ou pagamento no seu caso.
 - Certificación emitida polo órgano que teña atribuídas as facultades de control da legalidade, acreditativa do cumprimento da normativa de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación, acompañada de copia simple do expediente de contratación realizado para levar a cabo as actuacións, sen prexuízo das comprobacións que se poidan facer sobre os orixinais.
 - Declaración responsable do órgano competente da entidade de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Estas declaracións presentaranse con anterioridade á sinatura do presente convenio.
 - Facturas, orixinais ou copias compulsadas, correspondentes á execución das actividades obxecto do convenio.
 - Transferencias bancarias ou documentos acreditativos dos pagos realizados, orixinal ou copia compulsada, correspondentes á execución do obxecto do convenio.

2. Consideraranse subvencionables os gastos que, respondan de xeito indubidable á natureza da actividade subvencionada e de acordo co artigo 29.2 da Lei de subvencións de Galicia consideraranse gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de vixencia do convenio.

3. O prazo para xustificar por parte do INORDE a aplicación dos fondos percibidos por parte da Axencia de Turismo de Galicia para as actuacións mencionadas na cláusula segunda remata o **18 de decembro de 2017**. De non xustificarse en prazo a cantidade total subvencionada, deberá reintegrar proporcionalmente o non xustificado, e Turismo de Galicia minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado, sempre e cando se acade o obxecto do convenio.

Non obstante, non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado no anexo, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e sempre que se xustifique o importe total.

4. Consonte o disposto no artigo 17.4 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Sexta.- Prazo para a realización do pagamento

O prazo máximo para a realización do pago comprometido, queda fixado no día 31 de decembro de 2017. O prazo para a reclamación por parte do INORDE en caso de incumprimento do pago comprometido pola Axencia de Turismo de Galicia, queda fixado nun período máximo de 10 días dende a finalización dos prazos establecidos no punto anterior.

Sétima.- Comisión de seguimento

Noméase unha comisión de seguimento e control integrada por un/dous membros de cada unha das dúas partes. Esta comisión será a encargada de solucionar as controversias que se poidan suscitar na interpretación do convenio.

Composición: Dous representantes da Axencia Turismo de Galicia e dous representantes do INORDE

Presidencia: A Directora de Turismo de Galicia ou persoa en quen delegue

Secretario: O presidente INORDE ou persoa en quen delegue.

O funcionamento da comisión axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os acordos da Comisión adoptaranse por unanimidade e serán executivos e vinculantes para as administracións integradas no convenio.

Corresponderán á comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Elaborar e aprobar as accións que se detallan no anexo ao presente convenio.
- A interpretación do presente convenio, resolvendo todas as dúbidas que poida xerar a súa execución.
- O seguimento da execución do convenio, sendo informada polas administracións asinantes das accións realizadas.

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Oitava.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consenten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Novena.- Vixencia do convenio.

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte a súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 28 de decembro de 2017. Non obstante a cláusula anterior, o presente convenio ampara as actuacións realizadas desde o 1 de xaneiro de 2017. O INORDE como entidade executora e xestora das

actuacións, será a responsable do mantemento en todo momento e trala finalización da vixencia temporal do mesmo, do obxecto propio do Convenio.

Décima.- Natureza xurídica e xurisdición competente.

Este convenio ten natureza administrativa, sendo competente para entender dos litixios que puidesen xurdir respecto da súa interpretación e execución a xurisdición contencioso-administrativa, e queda fóra do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado d) do artigo 4º.

Para todo o non previsto expresamente no texto deste convenio será de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e demais normativa que sexa de aplicación.

Décimo primeira.- Resolución


O presente convenio resolverase polo incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas que o regulan.

Lido polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado no presente Convenio, asínano e rubricano por triplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ó comezo.

POLA XUNTA DE GALICIA

A DIRECTORA DE TURISMO

DE GALICIA



Mª Nava Castro Domínguez

POLA DEPUTACIÓN DE OURENSE

O PRESIDENTE



Rosendo L. Fernández Fernández

ANEXO I

ACCIÓN	CUSTE ESTIMADO
1.- Actos de promoción internacional de "Ourense provincia termal" e potenciación do Centro de adestramento de Remo Laias-Arnoia e Castrelo no Campionato Europeo de Remo RACICE; Henley Royal Regatta e Copa do Mundo de Remo de Lucerna. Viaxes, estancias, actos de promoción.	12.000,00 €
2.- Instalación e Equipamento pista de adestramento con sistema de medición electrónica, en Laias.	12.000,00 €
3.- Material promocional provincia de Ourense	20.000,00 €
4.- Implantación e xestión Plan Director Centro de Remo Laias-Arnoia e Castrelo, CERLAC	5.000,00 €
5.- Acondicionamento circuito BTT Molgas (Estación de Ferrocarril)	12.000,00 €
6.- Parque de caravanas Estación Ferrocarril Vilavella (A Mezquita)	19.000,00 €
7.- Circuito permanente de Gladiator Race en Lobios . Ourense Termal.	20.000,00 €
Subtotal aboado pola Axencia de Turismo de Galicia	100.000,00 €
8.- Atención e mantemento dos Centros de Interpretación da Estación de Santa Cruz, Peares e Baños de Molgas	32.000,00 €
9.- Promoción e Comercialización dos produtos turísticos de Ourense Termal e Termalismo Deportivo da provincia de Ourense	12.000,00€
Subtotal aboado pola INORDE	44.000,00 €
TOTAL CONVENIO	144.000,00 €